culturagalega

A Sección de Literatura Dramática da AELG celebra a súa XI Xornada

A Coruña acolle tamén o día 25 o Festival Pezas dun Teatro do Porvir: Galiza + Portugal no seo desta iniciativa

22 de outubro de 2026 Santiago. Redacción

https://culturagalega.gal/noticia.php?id=39495



A dramaturxia protagoniza a axenda do día 25 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. A Sección de Literatura Dramática da Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega celebra nesa data a súa XI Xornada centrada no tema *Memoria e acción*. No programa, a dramaturga e directora de escena María Goiricelaya impartirá unha clase maxistral centrada nesta cuestión. No seo da Xornada, desenvólvese o IX Festival Pezas dun Teatro do Porvir: Galiza + Portugal, no que se presentará unha selección de textos dramáticos en proceso de desenvolvemento.

En total, o festival acollerá a presentación de catro propostas galegas e tres portuguesas. *A casa do avó*, de Jimmy Nuñez, Diana Longa e Javier Villamil con *Xineceo*, *A última cea* de Altea Piñeiro e *Barreira para peles sensibles*, da man de Silvia Penas e Samuel Merino compoñen as propostas do país. Desde Portugal, preséntanse *Crescer, Dói!*, de Clara Zamorano, *Gordot*, de Paulo Narciso, e *As Bacantes* de Rafael Ferreira.

Cada unha das propostas disporá de 15 minutos como máximo para expor un fragmento da peza, que se acompañará dun debate ou conversa coa mesma duración máxima. Logo do festival, un comité de selección escollerá o traballo gañador, que recibirá apoio para a súa estrea.